



SESION ORDINARIA DE 27 DE XULLO DE 2021

(Acta número 07)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
 D^a. M^a. del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Roberto Fernández Rico
 D. Xosé M^a. Arias Fernández
 D. José Luis Raposo Magdalena
 D^a. Mónica Freire Rancaño
 D. Efrén Castro Caloto
 D. Javier Jorge Castiñeira
 D. Agustín Baamonde Díaz
 D. José Antonio García López
 D. Roberto García Pernas
 D^a. Dolores Castro Ochoa
 D. Pablo Taboada Camoira
 D. José Jesús Novo Martínez
 D^a. María Loureiro García
 D. Oscar Poy Franco
 D. José Pardo Lombao
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Ángel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a. Ana M^a. González Abelleira
 D. José Manuel Gómez Puente

Secretaría:D^a. María Esther Álvarez Martínez**Interventora:**D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e sete de xullo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Asiste, de xeito telemático, manifestando que se encontra en territorio español, a deputada dona Mónica Freire Rancaño.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	1/33



Antes de dar comezo á sesión ordinaria do Pleno, o Presidente aclara que, dado que a deputada dona Mónica Freire Rancaño asiste por medios telemáticos a esta sesión, a votación producírase cos medios técnicos habituais para os que estamos presentes no Salón de Plenos, e a man alzada para a deputada dona Mónica Freire.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=1

--ooOoo--


2.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE RECUPERACIÓN DOS CADROS DE PERSOAL DO SERGAS, REFORZO DA ATENCIÓN PRIMARIA E MELLORA NO RASTREXO DA COVID.

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

Como cada ano dende a chegada do PP ó goberno da Xunta, a entrada do verán supón a perda de servizos na sanidade pública galega. Como se as enfermidades marchasen de vacacións, os recortes de persoal médico e sanitario e o costume de non cubrir as baixas por enfermidade,

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	2/33



súmase cada ano a decisión do Sergas de non cubrir as quendas de vacacións. Servizos infradotados en circunstancias normais, quedan agora virtualmente anulados, ao tempo que se pechan camas de hospital.

Esta mala praxe vén sendo denunciada polo persoal sanitario, polos sindicatos e polas asociacións de pacientes reiteradamente ano tras ano, ante a decisión dos gobernos conservadores de facer ouvidos xordos. Unha terquedade que resulta incomprensible en circunstancias normais, é dunha irresponsabilidade inaudita nun momento no que a 5ª ola da pandemia golpea con forza de novo ós hospitais e, sobre todo, á Atención Primaria.


O PP foi recortando nestes anos máis de 1.100 prazas nos centros de atención primaria. Uns centros nos que faltan servizos básicos como pediatría porque a Xunta non é quen de atopar médicos que queiran traballar nas condicións que ofertan, nos que está totalmente esnaquizado o sistema de equipos multidisciplinares e nos que non se ten avanzado nos plans formativos na área de xestión.

A gravidade da situación foi recoñecida no Parlamento pola propia directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, o pasado día 14 de xullo, cando falou do “modelo esgotado” da sanidade xestionada pola Xunta. Por desgracia, no caso da Xunta, a diagnose dos erros non implica nunca o propósito de emenda nin a adopción de medidas para paliar as eivas.

Os e as profesionais da sanidade, que levan anos sufrindo recortes e asumindo o sobreesforzo laboral de acatar a decisión do Sergas de non cubrir as baixas, teñen que cargar agora ca falta de previsión da Xunta ante unha nova pegada da pandemia que está a sobrecargar servizos nos que non se cobren as quendas de vacacións. Unha saturación agravada polas deficiencias no sistema de rastrexo da enfermidade do que a Xunta parece terse desentendido nos últimos meses.

Dende a Deputación de Lugo seguiremos loitando en defensa dunha sanidade pública de calidade, dotada das cadros de persoal e dos medios axeitados que permitan aos e ás profesionais sanitarias desenvolver o seu traballo nas mellores condicións. Por elo sometemos para o seu debate

	IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Página	3/33



e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a presentar con urxencia:

- Un plan de choque para recuperar os cadros de persoal do Sergas, revertendo os recortes feitos polos sucesivos gobernos do PP, tendo en conta as previsións de xubilación dos próximos catro anos, e que inclúa a cobertura tanto de vacacións como de baixas por enfermidade.
- Medidas de reforzo para a Atención Primaria, ante a situación de sobrecarga de traballo e incremento nas listas de espera que se están a xerar pola pegada da pandemia entra os sectores máis novos da poboación
- A recuperación do sistema de rastrexo da enfermidade, como se fixo en meses anteriores, de xeito que a acción dos rastrexadores contribúa a aliviar o colapso dos centros de Atención Primaria
- O mantemento de todas as camas hospitalarias dispoñibles, porque nun momento de emerxencia sanitaria non é aceptable pechar recursos hospitalarios pola decisión de non cubrir as vacacións do persoal”.


Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&opic=2

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS SUFRIDOS POLOS CULTIVOS DE VIDE DE CHANTADA.

	IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Página	4/33



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción:


Os días 15 e 16 do pasado mes de xuño, o concello de Chantada viviu un episodio climatolóxico de excepcional virulencia, con precipitación de saraiba e treboadas dunha intensidade extraordinaria, que causaron a práctica destrución das colleitas agrícolas na parroquia de San Fiz e cuantiosísimos danos noutras catro parroquias: Sabadelle, Pedrafita, Belesar e Líncora. A magnitude do acontecido é tal que nonsó se dan por perdidas a colleita dos froitos desta tempada, senón que incluso as mesmas plantacións con décadas de crecemento corren risco de estragarse.

É innegable a importancia económica, ambiental e social que ten a zona da ribeira do Miño para o concello de Chantada. Só tendo en conta a produción vitícola, estamos a falar dun sustento fundamental da nosa economía tanto directamente como mantendo todo un tecido empresarial indirecto, creador de multitude de postos de traballo que este acontecemento meteorolóxico extraordinario pon en serio perigo.

A pesares da contía dos danos – unhas 70 has afectadas, 500.000 quilos de uva perdidos – e de que estes podan afectar ás colleitas de anos vindeiros, a Xunta de Galicia non contempla axudas ós e ás viticultoras que non conten cun seguro que cubra os danos. Cumpre lembrar que a Xunta si ten habilitado estas axudas ante sucesos similares noutras ocasións, de acordo co que estipula a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia. No seu artigo 38, esta norma fixa as obrigas das administracións públicas para a concesión de axudas e as tarefas de restauración, rehabilitación e retorno á normalidade, conforme ás competencias exclusivas queten a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de actividade económica, agricultura e comercio.

Por iso, e sen prexuízo de que se poda solicitar para a zona a cualificación de “zona catastrófica” ou de “zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil” - de

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	5/33



acordo co disposto nos artigos 20 a 25 da Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil - o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia

- A aprobación dun plan de axudas directas para as e os viticultores afectados polos destrozos provocados polas treboadas do pasado mes de xuño en Chantada, cunha liña de axudas directas semellante ao feito no ano 2016 noutros lugares da provincia.
- A elaboración dun Plan de Recuperación dos Viñedos que permita ás e aos produtores afectados minimizar a extensión dos danos e recuperar a produción no menor tempo posible e coa colaboración e o asesoramento técnico preciso”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda do seguinte teor:

“Emenda de substitución relativa á Moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia axudas para paliar os danos sufridos polos cultivos de vide de Chantada

O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír, a proposta de acordos formulada de xeito que quede da seguinte forma:

“ I. O Pleno da corporación provincial insta á Xunta de Galicia a:

1. Que habilite todos os mecanismos ao seu alcance para que técnicos especializados poidan asesorar convenientemente aos viticultores nas labores de recuperación dos viñedos.

2. Que leve a cabo todas as actuacións precisas para a consideración do pedrazo da semana do 14 de xuño como “fenómeno climático adverso” na terminoloxía das directrices europeas aplicables, como paso previo á posible concesión de axudas aos produtores afectados e destinadas á reparación dos danos causados.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	6/33



3. *Que se dirixa ao Goberno español para que o Ministerio de Hacienda tome en consideración os danos causados polo pedrazo a efectos de minorar o rendemento resultante do método de estimación obxectiva aplicable no IRPF dos viticultores afectados nos anos 2021 e 2022.*

4. *Que se dirixa ao Goberno español para que a Seguridade Social tome en consideración os danos causados polo pedrazo a efectos de establecer bonificacións ou moratorias sen intereses nos pagos a este organismo que deban de facer os viticultores afectados nos anos 2021 e 2022.*

5. *Que en colaboración coas entidades financeiras públicas ou privadas establezan convenios que permitan financiar a perda de ingresos dos viticultores afectados en máis dun 50% da súa produción, habilitando préstamos a custe cero e con prazos adecuados de devolución.*

6. *Impulsar de maneira decidida a contratación de seguros contra fenómenos meteorolóxicos adversos e outros riscos excepcionais que afectan ás explotacións agrícolas.*

II. *O Pleno da corporación provincial insta ao equipo de goberno provincial a que leve a cabo a reparación das infraestruturas viarias provinciais da comarca que dan acceso ás parroquias nas que se concentran as explotacións vitivinícolas e agrícolas que foron máis afectadas pola sarabiada e nomeadamente as estradas LU - P 1811 Merlán – San Fiz de Asma e LU -P 1820 San Fiz de ASMA – Presa de Belesar – Pesqueiras e acceso ao Clube Náutico”.*


Efectuada a votación, e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&opic=3

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG SOBRE O ESTADO DE NEGOCIACIÓN DA PAC 2023-2027.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	7/33



Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte

Exposición de Motivos:

O acordo comunitario sobre a PAC non é un acordo satisfactorio para Galiza, nin tampouco o é para as pequenas e medianas granxas de carácter familiar da Cornixa Cantábrica, do Estado Español e por extensión do resto da Unión Europea.


Para o grupo provincial do BNG na Deputación de Lugo, a reforma da PAC é timorata e non responde ao que deberían ser os obxectivos fundamentais da PAC, como asegurar un nivel de vida para as persoas agricultoras, contribuír a corrixir as desigualdades sociais e territoriais, garantir unha produción alimentaria de calidade asegurando a soberanía alimentaria e o fomento dunha agricultura respectuosa co medio ambiente.

Esta reforma pretende darlle un verniz verde á PAC pero facendo recaer sobre os produtores o custo deste discurso ecolóxico máis propagandístico que real.

A PAC segue perdendo peso no marco orzamentario europeo, e non recupera mecanismos de intervención e regulación públicos para os mercados, coa escusa da libre competencia as grandes empresas agroalimentarias seguen abusando da súa posición de dominio fronte aos pequenos e medianos agricultores e gandeiros.

Para o BNG as axudas directas non deben estar ligadas ao número de hectáreas senón que deben ser unha axuda por agricultor/a contribuíndo deste xeito a unha maior cohesión social e territorial.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	8/33



Hai moitas cuestións que clarificar e polo tanto a incerteza sobre as súas consecuencias desta reforma mantéñense:

O acordo sobre o *capping* ou tope de axudas ao situarse nos 100.000 € por beneficiario da PAC no vindeiro período 2023-2027 non vai a corrixir as inxustizas no reparto.

A definición europea de *agricultor activo* tamén causa insatisfacción, xa que segue abrindo a porta a que se poidan cobrar axudas da PAC sen necesidade de xustificar unha produción de alimentos.

Outros elementos como a denominada *converxencia dos valores unitarios* ata acadar o 85% do valor medio da rexión unido á modificación do número e tipo de rexións pode afondar máis aínda na desigualdade da distribución das axudas.


Neste contexto non entendemos a alegría do Sr. Ministro de Agricultura, que só se pode entender dende a defensa dun modelo da PAC que favorece ás grandes propiedades e a determinadas comunidades autónomas que dende logo non son a nosa. Tampouco é comprensible que a Xunta de Galiza non se teña pronunciado sobre este acordo que non resulta beneficioso en absoluto para Galiza.

Con todo, quedan moitos aspectos sobre a mesa que deberán ser concretados en cada estado membro a través dos seus respectivos plans estratéxicos da PAC. Un plan elaborado a nivel do estado coa participación da Consellaría de Medio Rural. Un proceso que se está facendo dunha forma escurantista por ambas partes, tal e como veñen denunciando as propias organizacións agrarias.

Neste plan terán que concretarse aspectos de gran importancia para o futuro das explotacións:

- Como se vai aplicar no Estado o *pagamento redistributivo*. As informacións que trascenderon sobre as intencións do Ministerio non son precisamente positivas para a agricultura

	IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Página	9/33



galega. O volume de fondos que pretende dedicar a este pagamento non permite corrixir de forma significativa a desigualdade, máis aínda se temos en conta que pretende rexionalizar estes fondos co que se quedarán nos mesmos territorios nos que se concentran as axudas.

- Como se van concretar as **rexións PAC** no estado e como se vai aplicar a **converxencia**. Sobre este particular o Ministerio vén ocultando calquera tipo de información sobre as consecuencias que pode ter esta decisión sobre as futuras axudas. De feito non existe cuantificación nin da Xunta de Galiza nin do Ministerio de Agricultura do que supuxo para as granxas galegas a decisión de aplicar a converxencia nos anos 21 e 22. Foi unha decisión que tomou a ministerio voluntariamente, xa que a normativa comunitaria non obrigaba.

- O acordo comunitario si que obriga a destinar un mínimo do 25% das axudas directas do primeiro pilar aos chamados **ecoesquemas**. Por unha banda queda por determinar as medidas a financiar, o Ministerio pode optar por unha aplicación que beneficie ao centro e sur peninsular fronte a agricultura galega que saíría prexudicada, pero tamén pode acontecer que as exixencias sexan inasumibles para as pequenas e medianas explotacións e que polo tanto queden excluídas en beneficio das grandes empresas que si poderían cumprilos.

- Que orientacións produtivas se van a ver beneficiadas polas **axudas asociadas á produción** e que fondos lle van adicar a cada unha delas. Lembramos que na Galiza as axudas vinculadas á produción teñen máis importancia relativa que noutras áreas do estado onde a inmensa maioría das axudas se cobran sen producir.

- Outra cuestión importante é saber como se van distribuír no Estado os fondos do segundo pilar, destinados a políticas de desenvolvemento rural.

En definitiva sobre a mesa están aínda boa parte das decisións das que depende a distribución no estado español dos fondos da PAC e particularmente das axudas directas aos e as produtoras. Todo indica que o ministerio pretende optar por unha aplicación que vai resultar prexudicial para a agricultura galega.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	10/33



Queda agora por facer valer esta nosa realidade nas negociacións en Madrid. O Conselleiro de Medio Rural da Xunta de Galiza non ofreceu información do estado das negociacións ata practicamente o mesmo día que se fixo público o acordo a nivel europeo, situación da que se queixa todo o agro galego.

En resumidas contas, rematamos dicindo que esta PAC introduce cambios de forma, ou cuestións como a PAC social e apoio á mellora das condicións laborais para o sector, ou pon enriba da mesa requisitos medioambientais e de conservación da biodiversidade, pero non provoca un auténtico cambio no fondo da política agraria.

Mantén uns elevados requisitos de exigencia para o reparto dunhas axudas que non xeran soberanía económica para as granxas, xa que uns mercados non regulados, uns prezos iguais que hai 30 anos no caso da carne pero tamén insatisfactorios no caso do leite, fan que unha grande parte da renda descansa nas subvencións da PAC e polo tanto se fomenta a dependencia dos bancos e da axudas da PAC no canto de garantir un desenvolvemento xusto dos prezos nos mercados.


É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Agricultura a acadar unha PAC simplificada que recoñeza a realidade do rural galego para o próximo período 2023-2027.

2º.- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno de España a centrar os seus esforzos negociadores con tódalas institucións comunitarias e nacionais precisas para que sexa recoñecida a totalidade da superficie pastoreada ou manexada con gandería extensiva como admisible no caso dos pastos arbustivos e baixo arboredo, de modo que Galiza non siga a ser prexudicada pola falta de recoñecemento das súas singularidades a efectos da PAC.

3º.- Instar á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Agricultura a que nas negociacións sobre a superficie con dereito a cobro das axudas da PAC, se regularice previamente o déficit de superficie admisible con dereitos que ten Galiza respecto da media nacional.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	11/33



4º.- Instar á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Agricultura á introdución de novos ecoesquemas que respondan á realidade da agricultura e gandería galegas, de xeito particular os que favorezan a extensificación da bonificación de prácticas da gandería extensiva compatibles coa coexistencia co lobo e co oso.

5º.- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno de España a lograr un acordo que supoña unha reforma seria da PAC que apoie ás persoas produtoras e non ás hectáreas non produtivas, que se adapte ás persoas e territorios, que reconeza o papel vital das mulleres no agro e no rural, e que en resumidas contas que permita a humanización da produción para soberanía alimentaria”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:


“Emenda de substitución relativa á moción do Grupo Provincial do BNG sobre o Estado de Negociación da PAC 2023- 2027

O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír, a proposta de acordos formulada de xeito que quede da seguinte forma:

“O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a que na negociación da PAC 2023- 2027 ante o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación defenda a seguinte postura:

1.- Con carácter previo ao peche das negociacións deberá demandarse ao Goberno central que se traslade á Xunta de Galicia todos os datos necesarios para poder determinar a afectación aos agricultores e gandeiros galegos do modelo que se propón polo MAPA. En especial, é imprescindible que o MAPA nos faga coñecedores de todos os datos da súa proposta sobre a delimitación, as superficies e os importes da axuda básica nas novas rexións PAC, en particular daquelas nas que estarían as explotacións galegas.

	IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Página	12/33



2.- A definición de agricultor xenuíno, como perceptor das axudas do primeiro piar da PAC e dalgúnhas do segundo piar, debe basearse no requisito de que unha porcentaxe significativa dos seus ingresos totais (como mínimo o 25%) sexan ingresos procedentes da actividade agraria, admitindo tamén como agricultor xenuíno a aquel que se atope dado de alta na seguridade social como traballador por conta propia no réxime agrario.

3.- No relativo ao debate sobre a superficie con dereito a cobro das axudas da PAC, non é admisible a apertura a novos cultivos, viñedo, froitas e hortalizas, localizados maioritariamente no sudeste español, sen antes regularizar o déficit de superficie admisible con dereitos que ten Galicia respecto da media nacional.

4.- Demandamos que a contía da axuda básica por hectárea nas diferentes “rexións PAC” teña en conta as diferentes realidades existentes, no plano agronómico e socioeconómico, en especial o emprego agrario xerado por unidade de superficie.

5.- Deben asignarse ás axudas asociadas o máximo de fondos que permita o regulamento europeo (13% + 2% cultivos proteicos) e manter como mínimo para os sectores de vacún de leite, vacún de carne e ovino-caprino unha dotación similar ao período 2014-2020, incluíndo ademais o castaño nas axudas asociadas para froitos de cáscara.

6.- Demandamos unha aplicación intensa do pago redistributivo en canto á porcentaxe de fondos que se destinen ao mesmo. O pago redistributivo deberá aplicarse considerando a superficie media por explotación a nivel nacional e non dentro de cada “rexión PAC”. Sobre esa base, deberá haber un maior pago ás primeiras hectáreas co obxecto de beneficiar as pequenas e medianas explotacións, en especial aquelas de agricultores e gandeiros cunha dependencia significativa dos ingresos agrarios, dando prioridade sobre todo aos de carácter profesional.

7.- En canto ao límite das axudas por explotación (capping) e a degresividade, defendemos a súa aplicación nas máximas porcentaxes de redución das axudas aos maiores perceptores que permita o regulamento europeo finalmente aprobado. Para a aplicación deses mecanismos non deben deducirse os custos laborais, coa única excepción das explotacións asociativas, nin tampouco os pagos a empresas externas (servizos externos contratados). O destino

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	13/33



dos fondos derivados do capping e a degresividade deberá aplicarse a nivel nacional e non dentro de cada “rexión PAC”.

8.- Defendemos a introdución de novos ecoesquemas e a modificación dos que propón o MAPA, para que respondan á realidade da agricultura e gandería galegas, de xeito particular os que favorezan a extensificación da gandería e a recuperación dos sistemas agroforestais. Os ecoesquemas propostos polo MAPA deberán adaptarse ás características da agricultura e gandería galegas, introducindo de forma transversal as seguintes características:

- Aplicar en todos os ecoesquemas nos que sexa pertinente un complemento vinculado á prevención de incendios.
- Estender o complemento previsto para as superficies en Rede Natura ás zonas con limitacións naturais.
- Introducir en todos eles unha modulación da axuda por estratos de tamaño”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:


http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&opic=4

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO Á INSTITUCIÓN DO “DÍA DA GALIZA MÁRTIR”.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDYOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDYOU	Página	14/33



vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte

Exposición de Motivos:

A primeira vez que os dereitos e liberdades nacionais do pobo galego foron recoñecidas xurídica e politicamente foi dentro do marco constitucional da IIª República Española, coa relevante maioría social que permitiu plebiscitar o Estatuto de Autonomía galego o 28 de Xuño de 1936.


Poucas semanas máis tarde produciuse a sublevación violenta dun segmento das forzas armadas do Estado Español, instigada e apoiada por sectores reaccionarios e organizacións políticas paramilitares de ideoloxía fascista, contra do réxime constitucional da IIª República e do seu lexítimo goberno, saído das eleccións democráticas celebradas en Febreiro do mesmo ano de 1936, gañadas pola Frente Popular.

Logo desta sublevación anticonstitucional e antidemocrática, milleiros de persoas, foron asasinadas sen xuízo previo ou executadas por sentenzas de tribunais títeres das forzas sublevadas. Outras formaron parte da resistencia armada na guerrilla antifranquista, outras persoas foron para o exilio, onde seguiron loitando polo restablecemento das liberdades individuais e colectivas do pobo galego e pola reconstitución dun réxime democrático en Galiza e no Estado Español.

Castelao, figura emblemática para todas as persoas que seguiron a loitar por esa causa no exilio até a súa morte, inmortalizou simbolicamente no seu álbum “Galicia Mártir” a todas as vítimas da represión fascista en Galiza durante a Guerra de España. A máis representativa delas foi á súa vez, a quen Castelao adicou o seu testamento político, o libro “Sempre en Galiza”, e máis a quen el ergueu á categoría de símbolo de todas no seu discurso “Alba de Gloria”, foi Alexandre Bóveda Iglesias, dirixente do Partido Galeguista, vítima dun proceso irrisorio e aldraxante en Pontevedra e fusilado na Caeira o 17 de Agosto de 1936.

As institucións públicas debemos honrar a todas as persoas mártires da liberdade na

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	15/33



Historia do pobo galego, institucionalizando como Día da Galiza Mártir o 17 de agosto, cabodano da morte de Alexandre Bóveda, e máis promovendo a rehabilitación pública e política do propio Bóveda e de todas as persoas mártires da liberdade que el mesmo simboliza na memoria histórica e democrática do noso pobo.

Neste senso o Parlamento de Galiza no seu pleno do día 26 de decembro de 2006 aprobou sen votos en contra a seguinte *Proposición Non de Lei - 07/PNP-0165 (9078)* – a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

« O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a:

1.º) *Promover diante do Goberno español a rehabilitación xurídica, persoal e moral de Alexandre Bóveda e a de todos os asasinados e represaliados por defenderen a legalidade democrática, as aspiracións de autogoberno de Galiza e a xustiza social, e a iniciar as accións necesarias que permitan a anulación dos Consellos de Guerra a que foron sometidos".*

2.º) *Promover iniciativas que teñan por obxecto dar a coñecer e divulgar na sociedade galega os valores éticos e políticos encarnados en Alexandre Bóveda e nos demais compatriotas asasinados e represaliados polo franquismo.*

3.º) *Adoptar medidas encamiñadas a reparar economicamente as vítimas galegas de represión franquista.*

4.º) *A retirar progresivamente dos edificios e centros dependentes da Administración galega as denominacións que fagan referencia a figuras ou feitos relacionados co franquismo.*

5.º) *O Parlamento de Galiza acorda facer un recoñecemento especial da figura de Alexandre Bóveda tendo en conta a súa notábel participación no impulso e na elaboración do Estatuto de 1936.»*

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1. - Instar á Xunta de Galiza a declarar e instituír como “Día da Galiza Mártir” o día 17 de Agosto de cada ano, con carácter de celebración nacional en Galiza, en memoria e homenaxe de todas as galegas e galegos que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional

	IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDYOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDYOU	Página	16/33



daquela vixente, no 1º Estatuto de Autonomía de Galiza, plebiscitado o 28 de xuño de 1936.

2. - Instar á Xunta de Galiza a dar cumprimento expreso da Proposición non de Lei nº 07/PNP/-0165(9078), aprobada no Pleno do Parlamento de Galiza do día 26 de decembro de 2006.

3.- Promover institucionalmente a celebración de actos protocolarios da devandita rehabilitación pública e política para o primeiro “Día da Galiza Mártir” que se conmemore e de aí en diante”.

Ante esta moción, polo Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Emenda de substitución relativa á moción do Grupo Provincial do BNG en apoio á institución do “Día da Galiza Mártir”.

O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír, a proposta de acordos formulada de xeito que quede da seguinte forma:


“O Pleno desta Deputación adhírese ao acordo do 26 de decembro de 2006, aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia, polo que se fai un recoñecemento especial da figura de Alexandre Bóveda tendo en conta a súa notable participación no impulso e elaboración do Estatuto de 1936”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&opic=5

	IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Página	17/33



6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN COA OPORTUNIDADE QUE REPRESENTAN PARA A PROVINCIA OS FONDOS “NEXT GENERATION EU” E APOIO Á CANDIDATURA DE PROXECTOS DE AJE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte


Exposición de Motivos:

Para axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia do coronavirus, os dirixentes da UE acordaron un plan de recuperación que liderará o camiño para a saída da crise e sentará as bases para unha Europa moderna e máis sostible. España vai recibir 140.000 millóns de euros entre transferencias e préstamos. Esta dotación económica, equivalente ao 11% del PIB, servirá para financiar proximamente proxectos que vaian na liña da transformación dixital, a reindustrialización, pacto verde a favor de enerxías limpas e promoción da igualdade.

Para contribuír ao desenvolvemento da provincia de Lugo coas mesmas oportunidades débese ampliar o máximo a cobertura territorial dos investimentos destinados á recuperación fronte á pandemia.

Lugo conta cunhas acusadas peculiaridades xeográficas e demográficas, entre as que destaca a dispersión territorial. Esta circunstancia implica unha maior necesidade de investimentos per cápita para deseñar e financiar os servizos públicos. E, por outra banda, está demostrado que un investimento no noso rural supón un gran beneficio para o conxunto do territorio e contribúe a fixar poboación.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	18/33



En consecuencia os Fondos “Next Generation EU” representan unha oportunidade de financiación extraordinaria para a reactivación económica da provincia.

Co obxecto de maximizar esta oportunidade, a institución provincial debe traballar de forma conxunta co tecido produtivo, os interlocutores participantes no diálogo social e expertos económicos para identificar iniciativas que, a través de investimentos, dean resposta aos procesos de reforma e transformación que require o momento actual.

A Deputación de Lugo recibirá fondos europeos destinados á reconstrución e resiliencia para os obxectivos sinalados, que deben ir dirixidos ás necesidades da provincia en ámbitos como a cobertura telefónica, conectividade, aplicación das novas tecnoloxías á agricultura e á gandaría, á dixitalización da provincia (en particular das empresas), avances no sistema de mapeo e programas de Marketplace onde se poidan comercializar os produtos autóctonos.

Este grupo é coñecedor de que a *Confederación Española de Asociaciones de Jóvenes Empresarios* (CEAJE) diseña unha candidatura de proxectos pensada, en xeral, para todo o territorio nacional e que dende a *Asociación de Jóvenes Empresarias y Empresarios de Lugo* (AJE Lugo) están a desenvolver a mesma tendo en conta as casuísticas concretas e particulares da provincia; candidatura de proxectos que se corresponden coas necesidades de Lugo nos termos sinalados nas liñas anteriores.

Por iso, consideramos que a Deputación debe involucrarse para apoiar e impulsar a execución dos mesmos e obter o financiamento correspondente con cargo aos fondos europeos dispoñibles, coa finalidade, entre outras, de fomentar o emprendemento e a creación de empresas por persoas mozas e lograr a fixación da poboación no rural.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación insta ao goberno provincial a:

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	19/33



— Que dende a institución provincial, en colaboración con AJE Lugo, se impulsen as accións necesarias para aprobar un convenio de colaboración, ou calquera outra fórmula de colaboración que se estime axeitada, para completar e executar os proxectos recollidos na candidatura que está deseñando esta asociación de cara a obter financiación a través dos Fondos “Next Generation EU” coa finalidade de contribuir á reactivación e recuperación da nosa provincia.

— Que se cree unha comisión de seguimento na que formen parte representantes de AJE Lugo e de todos os grupos políticos provinciais para o todo o relacionado coa execución deste acordo e dos proxectos aos que se refire”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=6


7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO PROVINCIAL A QUE LEVE A CABO A REHABILITACIÓN INTEGRAL DE A CASONA DE O INCIO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte

Exposición de Motivos:

	IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Página	20/33



O organismo provincial é titular dun amplo patrimonio que, en algún caso, tal e como ven denunciando este grupo, non está debidamente conservado.

Un dos casos do estado de abandono nos que se atopa parte do patrimonio provincial é a Casona De O Incio, a pesar de que a Lei establece con claridade as obrigas dos propietarios dos bens inmobles.


Así, o resaltamos, recentemente, nunha moción que presentou este grupo, no pasado mes de febreiro, para instar ao equipo de goberno a deseñar e executar un plan de recuperación, mantemento e de posta en valor dos bens patrimoniais da Deputación., proposta que foi rexeitada polos grupos provinciais do PSOE e BNG.

E, así o demandamos tamén, no presente ano, a través dunha emenda de adición relativa á *“moción do Grupo Provincial Socialista, para reclamar á Xunta de Galicia que cumpra coa súa obriga de conservar o patrimonio cultural de Lugo”* presentada na sesión plenaria provincial celebrada o pasado mes de xuño na que propoñiamos:

“Que, dado o estado de abandono e desatención na que se atopa o patrimonio cultural de Lugo, no tocante a inmobles desta Deputación Provincial, como é o caso de A Casona do Incio, instamos ao goberno provincial ao inicio inmediato de actuacións consensuadas co concello de O Incio, para a rehabilitación de dito inmovible do que é titular esta Administración; de xeito que cumpra coa Lei do Solo e lexislación concordante en canto a ornato, seguridade e salubridade”.

Unha vez máis, a demanda deste grupo foi rexeitada polo grupo provincial socialista como ven facendo de xeito case sistemático respecto ás propostas que formulamos relativas ao dito ben durante os últimos 14 anos xa que dende que o PSOE entrou no goberno da Deputación, no ano 2007, paralizouse a execución do recollido no convenio asinado o 27 de novembro de 2006 entre a Deputación, a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (Suplusa) e o Concello de O Incio, cuxo obxecto é establecer as liñas de colaboración para o desenvolvemento do P1 do solo urbano de O Incio; incumprindo coa súa obriga e co compromiso adquirido cos veciños de O Incio.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	21/33



Todo canto fixo o PSOE, ao longo dos últimos anos, foi ir consignando ano tras ano , algunha partida nos orzamentos de Suplusa e tamén nos orzamentos da Deputación que nunca chegaron a executarse e, a ofrecer unha rolda de prensa diante de A Casona, no mes de marzo de 2015, antes das eleccións municipais celebradas nese ano, na que a entón alcaldesa do Incio estivo acompañada pola señora Lara Méndez (daquela vicepresidenta da Deputación) e pola señora Pilar García Porto (deputada provincial) na que prometeron que as obras de rehabilitación comezarían antes de que rematase ese mes, obras para as que a Deputación aportaría 250.000 €.

Con posterioridade, lamentablemente, o único que puideron comprobar os veciños do Incio foi unha vez máis o engano por parte do goberno provincial presidido polo PSOE xa que este limitouse a enviar un grupo de operarios cunha retroexcavadora para derrubar un dos alpendres ubicados ao carón do inmovible principal., sen dispor sequer de ningún tipo de autorización ou proxecto que avalase tal actuación.

Máis recentemente, nos últimos anos, o goberno provincial, ante as preguntas que formulamos, evitou dar unha resposta concreta coa “escusa” do feito de que A Casona de O Incio era patrimonio de Suplusa e que polo tanto había que esperar a que o dito ben fora transferido a Deputación para poder actuar., escusa que xa non pode seguir utilizando.

Tendo en conta o estado de abandono no que se atopa desde o ano 2007 a Casona de O Incio por parte do equipo de goberno da Deputación; tendo en conta o compromiso adquirido no ano 2006 e a “débeda histórica” que se viu reflectida ano tras ano nos orzamentos, sen que durante 14 anos se teña realizado ningún investimento; e tendo en conta que a institución provincial xa é propietaria da mesma; desde este grupo consideramos que o organismo provincial ten que levar a cabo, sen máis demora, as obras de rehabilitación integral para a recuperación deste importante inmovible provincial.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación insta ao goberno provincial a que leve a cabo de forma inmediata, despois de tanto tempo, a rehabilitación integral de A Casona de O Incio titularidade desta

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	22/33



institución, tras a subrogación dos bens de que era propietaria a extinta Suplusa, e prometida por todos os presidentes socialistas do organismo provincial dende fai 14 anos”.

Ante esta moción, por parte dos Grupos Provinciais Socialista e do BNG, preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Substituír a redacción orixinal que di:

“I. O Pleno da Deputación insta ao goberno provincial a que leve a cabo de forma inmediata, despois de tanto tempo, a rehabilitación integral de A Casona de O Incio titularidade desta institución, tras a subrogación dos bens de que era propietaria a extinta Suplusa, e prometida por todos os presidentes socialistas do organismo provincial dende fai 14 anos.”

Pola proposta seguinte:

Proposta de acordo


“I. O Pleno da Deputación insta ó goberno provincial a realizar traballos de consolidación e mantemento que garantan a integridade estrutural da Casona do Incio de acordo cas indicacións dos servizos técnicos da institución.

II. A rehabilitación integral do edificio quedará supeditada ao deseño dun proxecto de uso que teña en conta a utilidade pública do edificio.”

Tendo en conta que a emenda de substitución é aceptada polo Grupo proponente, a parte dispositiva da moción queda do seguinte xeito:

“I. O Pleno da Deputación insta ó goberno provincial a realizar traballos de consolidación e mantemento que garantan a integridade estrutural da Casona do Incio de acordo cas indicacións dos servizos técnicos da institución.

	IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Página	23/33



II. A rehabilitación integral do edificio quedará supeditada ao deseño dun proxecto de uso que teña en conta a utilidade pública do edificio.”

O Pleno da Corporación, unha vez aceptada por parte do Grupo propoñente a emenda de substitución do Grupo Socialista e do Grupo do BNG, por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

Intervencións:


http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=7

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

8.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 9 DE XULLO DE 2021, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020, CONCELLO DE MONDOÑEDO.

Para os efectos do previsto nas bases do Plan Único 2020, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..*motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...*” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Unico 2020.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	24/33



O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&opic=8

9.- CONTA DO INFORME DEFINITIVO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DE GASTOS DE PERSOAL 2019.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe definitivo do Plan Anual de Control Financiero de gastos de persoal 2019.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&opic=9

10.- CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE ADAPTACIÓN DOS EXTREMOS DE FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL 2021.


O Pleno da Corporación queda enterado do informe de Intervención de adaptación dos extremos de fiscalización e intervención limitada previa das bases de execución do orzamento xeral 2021.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&opic=10

11.- CONTA DO INFORME DOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2021 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	25/33



O Pleno da Corporación queda enterado da conta dos informes dos meses de abril, maio e xuño de 2021 do RD 635/2014, da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=11

12.- CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2021 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado dos dos informes do 2º trimestre de 2021 de cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=12

13.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.


Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de xuño de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1965 ao 2498. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=13

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	26/33



Non se presentan.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=14

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente indícase que hai tres Rogos presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, máis dúas Preguntas pendentes do Pleno anterior; e sinala ademáis que hai dúas Preguntas presentadas no día de onte entorno ás dúas da tarde, que, aínda que poden ser formuladas polo Grupo Provincial do Partido Popular, non entrarán para este Pleno e polo tanto quedan pendentes para o seguinte.

R O G O S


Primeiro.- Relativo ás estradas LU-P-6602, LU-P-4707 e LU-P-4711, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle a vindeira sesión ordinaria que celebre o Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

A medida que pasan os meses aumentan as protestas veciñais polo mal estado da rede de estradas dependente da Deputación, cuxas calzadas acusan un moi prolongado déficit de mantemento.

Os concellos de Muras e de A Pobra do Brollón son unha boa mostra dos graves déficits de conservación que presentan as estradas de titularidade provincial entre as que se atopan as seguintes:

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	27/33



A estrada LU-P 6602, de Ruanova, por Sixto, a Muras, cun firme moi deteriorado, con escasa sinalización, sen quitamedos e falta de drenaxe das augas que proceden de fontes e escorrentías, que atravesan a mesma.

As estradas LU-P-4707 Pobra do Brollón – Saa – Veneira de Roques e LU – P 4711 de Piño a Pacios de Veiga, na Pobra do Brollón, que presentan un firme moi deteriorado e un gran número de fochancas que fan que sexan vías completamente intransitables.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo se fagan, de maneira inmediata, as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños máis directamente afectados e se proceda á reparación das ditas estradas provinciais, solventando desta maneira o déficit de mantemento que sufriron estas vías durante tempo ata chegar ao lamentable estado no que se atopan”.

Segundo.- Relativo as medidas necesarias para que se axilicen os traballos de desbroce de maleza nas estradas provinciais, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para a vindeira sesión ordinaria que celebre o Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte **rogo**:

Esta institución xestiona 4.200 quilómetros que, a día de hoxe, en plena época estival, aínda non están limpos. A falta de limpeza da maleza que medra ao carón dos viais pode conlevar o aumento do risco de incendios e a redución da visibilidade que pode ser o desencadeante dalgún accidente de tráfico.

A isto súmase, a imaxe de abandono e descoido que se transmite nesta época aos visitantes en zonas de máis reclamo turístico, como poden ser A Mariña ou a Ribeira Sacra.

	IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWWV5URI4DZDTOU	Página	28/33



O Presidente é dobremente responsable de que a Deputación execute en tempo estes traballos de limpeza. É dobremente responsable porque o é como Presidente da Deputación e, ao mesmo tempo, como responsable directo da área de Xestión Territorial.

A vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno da Deputación e, concretamente ao seu Presidente, que proceda a adoptar as medidas necesarias para que se axilicen os traballos de desbroce de maleza nas estradas provinciais, e se finalicen á maior brevidade posible”.

Terceiro.- Relativo a axilización dos traballos de desbroce de maleza no concello de Cervantes.


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para a vindeira sesión ordinaria que celebre o Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

A data de hoxe, a falta de limpeza da maleza que medra ao carón das estradas provinciais ao seu paso polo concello de Cervantes e, en particular na estrada LU – P 0702 Liber – San Román de Cervantes – Degrada, na que a vexetación invade parte da mesma, pode conlevar un aumento do risco de incendios e, a redución da visibilidade, pode ser o desencadeante dalgún accidente de tráfico.

A isto súmase a imaxe de abandono e descoido que se transmite nesta época aos visitantes nunha das zonas de máis reclamo turístico, como son os Ancares Lucenses

A vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno da Deputación e, concretamente ao seu Presidente, que proceda a adoptar as medidas necesarias para axilizar os traballos de desbroce de maleza na estrada LU – P 0702, así como no resto de estradas provinciais ao seu paso polo concello de Cervantes”.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	29/33



O Sr. Presidente maniféstalle ó voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular que, se o desexa, pode formular as preguntas presentadas con data de onte; as citadas duas Preguntas son formuladas a continuación polo señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira.

P R E G U N T A S

Primeira.- Relativa á política que está a levar a cabo o equipo de goberno respecto ao solo industrial provincial, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

A este grupo preocúpalle, tal e como o puxo de manifesto en reiteradas ocasións, a política que está a levar a cabo o equipo de goberno respecto ao solo industrial provincial.

Certo é que na sesión ordinaria da xunta de Goberno da Deputación, celebrada o pasado venres 23/07/21, un ano despois da sinatura do protocolo para a construción dunha área industrial en A Fonsagrada, se aprobou o convenio interadministrativo de cooperación entre as ditas entidades para a redacción do proxecto para a construción da dita área.

E que, asemade, na dita sesión, se aprobou o procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación, mediante poxa pública, nos concellos de Castroverde e de Chantada.

Pero tamén é certo que existen outros polígonos promovidos e mesmo construídos pola extinta Suplusa actualmente propiedade da Deputación.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

Cal é o criterio que segue o equipo de goberno provincial para determinar qué polígonos industriais se van levar a cabo tendo en conta que existen concellos con convenios firmados coa

	IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWV5URI4DZDTOU	Página	30/33



extinta Suplusa que levan anos esperando a que se executen como é o caso de Riotorto, do que so falta partida económica, ou outros como Baralla, Guntín, Triacastela, etc.?.

Por qué non se aprobou o procedemento de alleamento para todas as parcelas de uso industrial, mediante poxa pública, que na actualidade están dispoñibles nos parques industriais construídos pola sociedade urbanística provincial?. En que data ten programado facelo??.

Segunda.- Relativa ao novo marco legal aprobado para a redución da temporalidade no emprego publico e se o novo dito marco legal podería afectar aos traballadores de Suplusa, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Visto o novo marco legal aprobado para a redución da temporalidade no emprego público, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:


O equipo de goberno provincial vai estudar se o novo dito marco legal podería afectar aos traballadores da extinta Suplusa ??.

A continuación procédese a formular e responder as preguntas que quedaron pendentes no anterior Pleno.

1ª.- Relativa ao saneamento en San Miguel de Reinante, Barreiros, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	31/33



A normativa vixente en materia de réxime local establece que os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento.

Conforme a esta mesma normativa tamén as deputacións provinciais teñen entre as súas obrigas prestar apoio ás entidades municipais nas súas competencias, fundamentalmente aos municipios máis pequenos.

Con todo, desde a Xunta de Galicia ofrecéuselle ao Concello de Barreiros apoio técnico para realizar un estudo de alternativas que lle permita determinar a actuación máis idónea para a mellora do saneamento en San Miguel de Reinante, onde este servizo público municipal presenta deficiencias.

É máis, o Goberno galego trasladou incluso a súa disposición para cofinanciar a actuación que se estime tecnicamente máis acaída na mesma porcentaxe que a Deputación Provincial de Lugo e o Concello, é dicir, un terzo do investimento necesario.


Ambos ofrecementos materializáronse no transcurso dunha reunión que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, mantivo a finais do pasado ano coa alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, e o concelleiro de Medio Ambiente e Rural, Dámaso Ratoeira, para abordar este proxecto hidráulico.

Polo exposto, dende o Grupo Provincial do Partido Popular formulamos a seguinte pregunta:

Recibiuse na institución provincial petición do concello de Barreiros de apoio financeiro co fin de optimizar o saneamento de augas residuais?. De ser así, en que sentido?. Vai colaborar economicamente a Deputación nesta actuación?.

2ª.- Relativa ao Pazo de Deportes, e que textualmente di o seguinte:

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	32/33



“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

O ascenso á liga ACB do Club de Baloncesto Río Breogán probablemente implicará a necesidade de introducir melloras na súa cancha, é dicir, no Pazo de Deportes, instalación da que é titular a institución provincial.

Algúns dos cambios poderían ser condición necesaria e imprescindible para que a ACB homologue esta cancha para disputar os encontros desta liga.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

Ten coñecemento o goberno provincial da necesidade ou non de facer cambios ou melloras no Pazo dos Deportes para que sexa cancha do Río Breogán nos partidos da ACB? Que previsións ten ao respecto?”.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202107271109000000_FH.mov&topic=15

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e oito minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

	IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Fecha y Hora	11/08/2021 10:55:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EEEJNNR52WWW5URI4DZDTOU	Página	33/33

